

# CONEXIONA TELECOM, S.L



"Decatámonos de que se estaba abrindo un oco importante no mundo da informática"

*Jose Antonio Losas Devesa*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Instalación de sistemas telefónicos e informáticos
<b>Sector de actividade</b>	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías
<b>Nº empregados</b>	5
<b>Inversión inicial</b>	36.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	Financiámonos a través de aportacións dos socios
<b>Web:</b>	<a href="http://www.conexiona.es">www.conexiona.es</a>
<b>Municipio:</b>	San Ciprián de Viñas, <b>Ano creación:</b> 2005 Ourense

## Descrición do proxecto

A actividade principal de Conexiona Telecom, S.L. é a de dar solución á crecente demanda de instalación de sistemas telefónicos baseados en VoIP. Así mesmo, dentro da actividade da empresa atópase a instalación de servidores baseados en soporte lóxico baixo licenza GNU/GPL cubrindo así todas as necesidades de xestión de datos das PEMES. Entre os servizos que se ofrecen atópanse entre outros, a instalación de servidor de correo electrónico, de páxinas web, servidor de datos, central telefónica baseada en soporte lóxico, servidor de dominios...

Todo isto implica unha gran centralización de todos os servizos informáticos requeridos polas empresas na actualidade, tendo este control absoluto en todo momento tanto da xestión da información almacenada no seu servidor, como das telecomunicacións baseadas en voz que son xestionadas polo mesmo servidor.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Creemos que a clave fundamental é a crecente demanda de tecnoloxías da información e comunicacións por parte das empresas.

E ademáis, Conexiona Telecom vende un produto en constante evolución, polo que as labores de I+D nos aportan un know how fundamental á hora de comercializar un produto.

### Situación actual

Actualmente, o noso equipo humano conta con 2 técnicos programadores, e 3 socios traballadores. Conexiona é unha empresa que dedica unha gran parte do tempo da xornada laboral a I + D. De feito, arredor do 30% da xornada laboral dos nosos traballadores destínase a esta actividade. Conexiona conta cunha carteira de clientes en constante crecemento, e ultimamente sumáronse varios clientes de talla multinacional, debido ao enfoque comercial que imprimimos á empresa.

### Perfil cliente

Na súa grande maioría, os nosos clientes son PEMES



## Idea inicial

A idea xurdiu porque nos decáramos de que se estaba abrindo un oco importante no mundo da informática, algo que moi poucas empresas cobren; facer instalacións case a medida para as empresas e ao mesmo tempo, a integración total de todos os sistemas informáticos da empresa, incluídas as comunicacións de voz mediante VoIP. Así foi como Conexiona comezou instalar centrais telefónicas baseadas en voz sobre IP (VoIP) integradas totalmente coas infraestruturas existentes do cliente, con todos os beneficios que isto aporta, permitindo por exemplo a completa integración con soporte lóxico do tipo CRM, ERP e en xeral con calquera outro tipo de soporte lóxico.

## Principales dificultades y amenazas futuras

As dificultades as que nos enfrontamos ao principio foron derivadas na súa maioría do gran descoñecemento por parte dos clientes da tecnoloxía que a empresa lles estaba ofrecendo. Xa que logo nos vimos obrigados a facer unha especie de labor informativa a cada cliente explicando as inmensas posibilidades que unha integración baseada en TIC lles podería ofrecer. Nun principio, Conexiona centrou o seu nicho de mercado nas PEMES, pero actualmente intentamos abarcar tamén grandes empresas, xa que teñen un coñecemento moi superior sobre as TIC e, polo xeral, teñen bastante claro o que necesitan.

## Perfil promotores

Jose Antonio Losas Devesa aporta 5 anos de experiencia no sector da informática. A empresa conta con dous socios máis.

## Aptitudes necesarias

Traballar en algo que te gusta sempre te proporciona un certo grao extra de motivación para realizar as tarefas e innovar de cara ao futuro. Unha vez cumprido este requisito, é necesario poñer o máximo empeño para adaptarse a un mercado extremadamente volátil e cambiante mediante a análise de aquelas variables que nos poden indicar qué camiños tomar.



## Guía de Actividad

**Empresas de I +D** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**Gañar cartos**

**Dirixir persoas e organizacións**

## Formación

**¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?**

Si, temos participado en varios programas de orientación a empresas.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?**

Si

## Anecdotalio

Non dispoñible

